



Guía de axuda CDCX

Conta de depósitos e consignacións xudiciais

Documento informativo dirixido á cidadanía e profesionais da xustiza

Que son as contas de depósitos e consignacións xudiciais (CDCX)?

Son as contas bancarias onde se constitúen os depósitos e as consignacións xudiciais que se realizan no ámbito dos procedementos xudiciais. Están a nome dos órganos xudiciais.

Que son os depósitos xudiciais?

Un depósito xudicial é aquel ingreso que se realiza nas CDCX en cumprimento dunha resolución xudicial.

Constitúese un depósito xudicial nos seguintes supostos:



- Cumprimento de garantías, fianzas, caucións ou outros requisitos derivados dos procedementos xudiciais.



- Incautación de diñeiro ou valores realizables por parte das forzas e corpos de seguridade do Estado.



- Ingreso como consecuencia de embargos de bens e da práctica de actuacións xudiciais

Que son as consignacións xudiciais?

Unha consignación xudicial é aquel ingreso que se realiza nas CDCX no ámbito de:



- Unha execución voluntaria ou forzosa de títulos que leven emparellada execución.



- Como forma de pagamento dunha obriga, consistente en depositar a cousa ou a cantidade debida á disposición do acreedor ou do xuíz.



- Ingresos con finalidade liberatoria polo obrigado ao pagamento dunha cantidade ou noutros supostos legalmente establecidos.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, JUSTICIA
Y RELACIONES CON LAS CORTES

Como realizo operacións de ingresos e pagamentos nas contas de depósitos e consignacións xudiciais (CDCX)?

Datos necesarios para poder realizar as operacións:



Código da conta expediente

composto por 16 posicións (caracteres alfanuméricos) facilitadas polo Órgano Xudicial.
Ex.: 9996 0000 A2 1234 26



Nome ou razón social de quen realiza o ingreso e da persoa por conta de quen se realiza



Número de Identificación Fiscal. Domicilio do ordenante. Cantidade da operación. Concepto. Data

Como realizo o ingreso desde o Banco Santander?

EFFECTIVO

- **Acudindo presencialmente a calquera oficina ou caixeiro do Banco Santander.** En caixeiros, unicamente pode realizarse o ingreso en billetes e limitado a cantidades inferiores a 1000 €. Se é titular dunha conta no Banco Santander, pode solicitar realizar o ingreso directamente desde a súa conta.
- **As moedas admisibles** para o ingreso en efectivo son: o EURO (EUR) ou as divisas convertibles ao euro.

Lembre que cómpre que achegue todos os **datos sinalados á esquerda**. O número de conta-expediente proporciónao o órgano xudicial que leva o procedemento.

CHEQUE BANCARIO

- **Acudindo presencialmente a calquera oficina do Banco Santander.** O cheque irá a nome do órgano xudicial ou tribunal que ordenou o ingreso. Tamén se admiten cheques a nome da entidade bancaria (Banco Santander).
- *Non se admitirán cheques ao portador, nin cheques de contas correntes, nin cheques EMITIDOS NO ESTRANXEIRO (calquera que for a súa moeda de emisión) mesmo sendo países da UE. Só serán válidos os cheques bancarios ou conformados denominados en EUR (euros) e emitidos por entidades establecidas en España e participantes do Sistema Nacional de Compensación.*

Lembre que cómpre que achegue todos os **datos sinalados á esquerda**. O número de conta-expediente proporciónao o órgano xudicial que leva o procedemento.

TRANSFERENCIA BANCARIA DESDE UNHA CONTA DO BANCO SANTANDER

- 1) **Na propia oficina do Banco Santander atenderano para realizar esta operación.**
- 2) **Accedendo á banca en liña a través do enderezo www.bancosantander.es**

Seleccionando:


- Lapela Particulares, Acceso clientes, Contas e tarxetas, Pagamentos de recibos e impostos, Consignacións xudiciais, ou
- Lapela Empresas, Acceso clientes, Tesouraría, Recibos e outros pagamentos, Ingreso en órganos xudiciais

Para grandes empresas, aseguradoras, etc., existe un procedemento definido que facilita as transferencias masivas (inspirado no Caderno 34 da AEB). É recomendable pórse en contacto coa entidade bancaria.

Lembre que cómpre que achegue todos os **datos sinalados á esquerda**. O número de conta-expediente proporciónao o órgano xudicial que leva o procedemento.



Como realizo operacións de ingresos e pagamentos nas contas de depósitos e consignacións xudiciais (CDCX)?



Como realizo o ingreso desde outra entidade bancaria diferente ao Banco Santander?

TRANSFERENCIA BANCARIA

- Emitir a transferencia ao seguinte código no campo IBAN (24 díxitos):

ES55 0049 3569 9200 0500 1274 (código SWIFT: BSCHESTM)

- No **campo ORDENANTE** indicárase o nome ou razón social da persoa física ou xurídica obrigada a facer o ingreso, así como o NIF/CIF desta.
- No **campo BENEFICIARIO** identificárase o órgano xudicial ou tribunal que ordena o ingreso.
- No **campo OBSERVACIÓNS OU CONCEPTO DA TRANSFERENCIA** indicáranse, **EN PRIMEIRO LUGAR**, as 16 posicións (caracteres alfanuméricos) da **conta-expediente**, que poden solicitarse ao órgano xudicial que leve o procedemento xudicial. De forma adicional, pode engadir un teléfono de contacto para facilitar, se for necesario, a interlocución por parte do órgano xudicial.
- **MOI IMPORTANTE:** Os 16 caracteres da **Conta Expediente** teñen que indicarse nun único bloque. É importante que este bloque de 16 caracteres estea **separado por detrás por un espazo** do resto da información. Exemplo: 9996000032123426 pagamento pensión.

Se non figuran estes 16 caracteres ou se escriben erroneamente, o sistema dará un erro indicando que a conta non existe.


Para grandes empresas, aseguradoras, etc., existe un procedemento definido que facilita as transferencias masivas (inspirado no Cademo 34 da AEB). É recomendable pórse en contacto coa entidade bancaria.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, JUSTICIA
Y RELACIONES CON LAS CORTES

Como realizo operacións de ingresos e pagamentos nas contas de depósitos e consignacións xudiciais (CDCX)?



Como realizo o ingreso por caixeiro automático?

Unha vez no caixeiro, optando entre realizar o ingreso en efectivo (menú de operacións sen tarxeta) ou realizar o ingreso con tarxeta de débito/crédito emitidas por calquera entidade e sen comisión para a cidadanía (inserindo a tarxeta).

OPERACIÓNS SEN TARXETA

Dentro do submenú de *Operacións sen tarxeta*, elixir a opción de *Ingreso en órganos xudiciais* atendendo ás seguintes consideracións:

- ✓ Só se permite o ingreso en billetes e limitado a cantidades inferiores a 1000 €.
- ✓ O medio de pagamento habilitado é «ingreso en efectivo».
- ✓ Pódese ingresar a calquera órgano xudicial do territorio nacional.
- ✓ É imprescindible coñecer o código da Conta Expediente de destino da cantidade, facilitado polo órgano xudicial: 16 posicións (caracteres alfanuméricos).
- ✓ Seleccionar no panel do caixeiro a opción de «Ingreso en órganos xudiciais».

OPERACIÓNS CON TARXETA

Unha vez inserida a tarxeta no caixeiro, no menú principal de operacións con tarxeta, utilizar a opción de Outras operacións.

- Deberá elixir a opción de Ingreso en órganos xudiciais atendendo ás seguintes consideracións:
 - ✓ Pódese ingresar a calquera órgano xudicial do territorio nacional.
 - ✓ É imprescindible coñecer o código da Conta Expediente de destino da cantidade, facilitado polo órgano xudicial: 16 posicións (caracteres alfanuméricos).
- No caso de pagar cunha tarxeta de crédito, o sistema ofrecerá as seguintes opcións:
 - ✓ Crédito da tarxeta
 - ✓ Conta corrente
- Esta opción non se mostrará á cidadanía que ingrese con tarxeta de débito.
- Estas operacións están exentas de comisións para tarxetas de calquera banco

INGRESOS EN OFICINAS DE XUSTIZA NO MUNICIPIO

- Unha Oficina de Xustiza no Municipio é aquela cuxo código de conta-expediente comeza por 5500 ou 0760. Nestes casos o sistema actuará de forma automática coa casuística seguinte:
- Encher automaticamente o código da conta-expediente de forma parcial no caso de inserir o código '0760' e de forma total no caso de inserir o código '5500'. Siga as indicacións que lle brinda o caixeiro.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, JUSTICIA
Y RELACIONES CON LAS CORTES

Como realizo operacións de ingresos e pagamentos nas contas de depósitos e consignacións xudiciais (CDCX)?



Como realizo o ingreso por Internet con tarxeta?

A través de Internet accedendo á web de Cartafol Justicia (<https://carpeta.justicia.es>), mediante tarxeta de crédito/débito emitidas por calquera entidade e sen ningunha comisión para a cidadanía

FORMULARIO DE INGRESO

O sistema dispón dunha pantalla onde cubrir debidamente os datos do ingreso:

- ✓ Nome, apelidos, teléfono e NIF/NIE da persoa que realiza o ingreso.
- ✓ Nome, apelidos, teléfono e NIF/NIE da persoa por conta de quen realiza o ingreso. (Deixar en branco se non procede).
- ✓ Concepto, conta-expediente facilitada polo órgano xudicial e importe. No caso de ser para un recurso, identificarase o tipo de recurso.

INGRESOS EN OFICINAS DE XUSTIZA NOS MUNICIPIOS

Cando o ingreso for para unha Oficina de Xustiza no Municipio, cómpre encher, alén dos datos persoais, os seguintes:

- ✓ Código postal. Ao enchelo, a persoa usuaria poderá seleccionar o correspondente a ese código postal e completaranse automaticamente a localidade e a provincia correspondentes.
- ✓ Procedemento (2 posicións que poden ser caracteres alfanuméricos).
- ✓ Expediente (4 díxitos).
- ✓ Ano (2 últimos díxitos do expediente).



Procedemento, expediente e ano
son facilitados polo órgano xudicial)

FORMALIZAR O INGRESO

- Despois de introducir os datos, cómpre que prema no botón «Pagar». Mostrarase unha pantalla onde deberá cubrir os datos de identificación da tarxeta (número de tarxeta, data de caducidade —mes e ano—, código CVV —3 díxitos, no reverso da tarxeta—), e premerá «Pagar».
- Ao completar o pagamento e premer Continuar, a persoa usuaria poderá acceder ao xustificante de pagamento e descargalo como comprobante.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, JUSTICIA
Y RELACIONES CON LAS CORTES

Como realizo operacións de ingresos e pagamentos nas contas de depósitos e consignacións xudiciais (CDCX)?



Como podo cobrar un mandamento de pagamento?

MEDIANTE TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE DESDE O PROPIO ÓRGANO XUDICIAL

A Administración de Xustiza pode realizar mandamentos de pagamento á cidadanía ou empresa(s) mediante transferencia bancaria á conta indicada pola(s) persoa(s) beneficiaria(s). A transferencia será a canle prioritaria para os órganos xudiciais pagaren.

É recomendable, para maior axilidade no cobro, achegar ao órgano xudicial o certificado de titularidade, a nome do beneficiario da cantidade, da conta bancaria na cal se emita o mandamento do pagamento por transferencia.

MEDIANTE EFECTIVO

Unicamente no suposto de non achegar esa conta bancaria, o órgano xudicial poderá emitir un mandamento de pagamento para o seu cobro en oficinas do Banco Santander.

Cómpre que o beneficiario do mandamento do pagamento presente o **NIF** (no caso dos/as particulares) ou o **CIF e poderes** (no caso das empresas) para facelo efectivo ou, no seu defecto, ingresalo nunha conta corrente cuxa titularidade coincida coas persoas beneficiarias

Todas as operativas actuais relacionadas coas CDCX contan coa atención personalizada das propias sucursais do Banco Santander.

Como podo consultar os movementos dunha conta-expediente?

PROFESIONAIS DA XUSTIZA (PROCURADORES/AS, GRADUADOS/AS SOCIAIS, AVOGACÍA)

Os/as profesionais da xustiza teñen acceso, previa autorización do seu cliente e co consentimento do/da letrado/a da Administración de Xustiza, á consulta das contas-expediente a través da web de Carpeta Justicia (carpeta.justicia.es).

A medida que se estenda a interoperabilidade entre os Sistemas de Xestión Procesual e o aplicativo de Contas de Depósitos e Consignacións, a consulta das contas-expedientes será automática, sen necesidade de solicitude previa.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, JUSTICIA
Y RELACIONES CON LAS CORTES

Onde podo dirixirme para realizar xestións e consultas relacionadas coas contas de depósitos e consignacións xudiciais (CDCX)?



Páxinas de atención ao cidadán en materia de CDCX

<https://sedejudicial.justicia.es>

Formulario de
contacto

Asistente de
conversación

Atención
902 007 214

Telegram
663 290 227

NOVO: Teléfono gratuito de atención á cidadanía e profesionais en materia de CDCX

Atención
900 101 906